

# TECNOLOXÍA INDUSTRIAL II 2º BACHARELATO

Carga horaria: 3h. Departamento: Tecnoloxía

A materia de Tecnoloxía Industrial proporciona coñecementos básicos sobre o mundo tecnolóxico e os distintos campos da actividade industrial, para poder analizar o funcionamento, utilización e forma de control de máquinas e sistemas técnicos, comprender o desenvolvemento dos procesos tecnolóxicos, e valorar criticamente as repercusións da actividade tecnolóxica na vida cotiá e na calidade de vida. **Cursar esta materia supón unha base importante para moitas materias de estudos técnico-científicos universitarios e establece prioridade de acceso en moitas especialidades de FP relacionadas coa actividade tecnolóxica.** Esta materia trabállase mediante a resolución de problemas, simulación, actividades prácticas, e análise teórica de sistemas.

## 1. Elixe esta materia se queres saber como:

- Se realizan os ensaios para determinar as propiedades dos materiais
- Funcionan as máquinas térmicas e eléctricas
- Funciona un sistema automático
- Se deseñan circuítos dixitais

## 2. Bloques de contido

- Materiais: estrutura, propiedades e ensaios
- Principios de máquinas: deseño, máquinas térmicas e máquinas eléctricas.
- Sistemas automáticos e de control
- Circuítos e sistemas lóxicos
- Control e programación de sistemas automáticos

Poderás acceder aos contidos na Aula Virtual do Centro (accede como convidado).

## 3. Que e como se avalía?

Para poder avaliar esta materia empregaremos distintos métodos: resolución de exercicios e problemas na clase, cuestionarios, simulacións, probas obxectivas por cada tema, montaxes e actividades na Aula Virtual coas que se pode mellorar a nota.

[Máis información](#)